



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Anuncio

Anuncio do 3 de febreiro de 2026 do director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo polo que se somete a información pública o proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Lugo (S-5R Barrio do Sagrado Corazón).

O procedemento de aprobación dos proxectos de interese autonómico para planificar e proxectar actuacións de creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública regúlase na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT), coas especialidades recollidas nos artigos 62 e seguintes da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O artigo 64 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, prevé a aplicación ao dito procedemento da tramitación de urxencia, o que suporá a redución á metade dos prazos establecidos para os procedementos ordinarios, salvo os relativos á presentación de solicitudes, recursos e, en xeral, aqueles prazos taxados por normativa estatal básica que non poidan ser obxecto de redución.

De acordo co establecido no artigo 55.5 da LOT, en relación co artigo 64 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, a consellería tramitadora do instrumento de ordenación do territorio procederá á súa aprobación inicial e o someterá a información pública durante o prazo de 15 días naturais, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no boletín oficial da provincia correspondente e no Portal de transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado.

En atención ao exposto e para os efectos previstos no artigo 55.5 da LOT, sométense a información pública, durante o prazo de 15 días naturais, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, os documentos integrantes do expediente relativo á aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Lugo (S-5R Barrio do Sagrado Corazón).

Durante o prazo referido, calquera persoa poderá examinar a devandita documentación no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia (<https://transparencia.xunta.gal/procedementos-de-informacion-publica>) e na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (<https://igvs.xunta.gal/gl/areas/solo-residencial>) e presentar ante o dito organismo as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2026.- O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, Heriberto García Porto.

ANEXO

Memoria Resumo

Promotor: Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Localización: Concello de Lugo.

Ámbito do proxecto: ámbito identificado como S-5R Barrio do Sagrado Corazón, Lugo.

Obxecto: creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Lugo.

Descrición: o proxecto de interese autonómico ten por obxecto a creación de solo residencial destinado maioritariamente a vivenda protexida, con capacidade estimada para unhas 1.265 vivendas, das que un 80%

serán vivendas protexidas, integradas en bloques residenciais en tipoloxía aberta, incorporando, ademais, usos terciarios e de equipamento.

O ámbito de actuación, cuxa superficie acada aproximadamente 12 hectáreas, está situado ao nordés da cidade de Lugo, no contorno do barrio do Sagrado Corazón, e delimitado pola calzada das Gándaras, a Rúa Venancio Senra e a Rúa Serra de Meira. Atópase encaixado entre os ríos Rato e Fervedoira, ocupando a ladeira occidental da conca do primeiro, o que lle confire unha topografía suavemente descendente cara o val do Rato. Ten unha situación estratéxica na estrutura urbana de Lugo, ao localizarse nas inmediacións da nova estación intermodal.

R. 0255

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2026 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN OITO (8) PRAZAS DENOMINADAS PSICÓLOGO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 22.08.2025 (BOP núm. 198, do 29.08.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira en oito (8) prazas denominadas PSICÓLOGO/A, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 23.10.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ANDIÓN MARIÑO, PATRICIA	***3599**
2	ARES DÍAZ, TANIA	***8249**
3	ARGIZ COUTADO, NOELIA	***6494**
4	ARIAS MARTÍNEZ, MARTA LUISA	***3596**
5	CAPELLÁN RODRÍGUEZ, BRIDGET MARIE	***1729**
6	CASTRO ÁLVAREZ, MARCOS	***5929**
7	CASTRO LÓPEZ, LUCÍA	***9126**
8	CASTRO MARTÍNEZ, PATRICIA	***3031**
9	CASTRO MEILÁN, PAULA	***6114**
10	COMENDEIRO CAMPOS, MERRY	***3570**
11	DA SILVA DA SILVA, LUCIMAR MARILIA	***0793**
12	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MONTSERRAT	***3627**

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
13	FERNÁNDEZ PELETEIRO, MARÍA PAZ	***5262**
14	FERNÁNDEZ VALCÁRCEL, DENÍS	***8048**
15	FERNÁNDEZ VARELA, PATRICIA	***3064**
16	FERNÁNDEZ VEIGA, LORENA	***4334**
17	FERREIRO FUENTES, ESMERALDA MARÍA	***3358**
18	GONZÁLEZ ÁLVAREZ, MIGUEL ÁNGEL	***4346**
19	GONZÁLEZ BERNÁNDEZ, LUCÍA	***7968**
20	GONZALEZ DÍAZ, ROCÍO	***4348**
21	GONZÁLEZ FREIJO, ROSALÍA	***3613**
22	GONZÁLEZ LÓPEZ, MÓNICA	***9459**
23	GRANDÍO MOIRÓN, VERÓNICA	***8294**
24	LÓPEZ FARIA, SUSANA DEL VALLE	***7220**
25	LÓPEZ GONZÁLEZ, SONIA	***3594**
26	LÓPEZ PÉREZ, YAGO	***9942**
27	MELLA VARELA, MARÍA YOLANDA	***5485**
28	NEIRA DE DIOS, LORENA	***3592**
29	PÉREZ CALAVIA, SARA	***8243**
30	QUELLE DÍAZ, SARA	***9096**
31	QUINTAS VILA, MARTA	***6068**
32	RÍO LÓPEZ, LETICIA	***6134**
33	RIVAS LASO, MARÍA JESÚS	***0921**
34	RODEIRO MEIJIDE, MARÍA ANDREA	***1687**
35	RODRÍGUEZ CASTRO, MARINA	***8884**
36	RODRÍGUEZ RÍO, NAROA	***9014**
37	RODRÍGUEZ SOMOZA, PILAR	***4584**
38	RODRÍGUEZ VALDÉS, LUCÍA	***5773**
39	RUBIÑOS LÓPEZ, MARÍA CARMEN	***9708**
40	SANTOALLA VARELA, LARA	***8023**
41	TORRES ÁLVAREZ, MARÍA BEATRIZ	***9902**
42	VEIGA TOJO, MONICA	***5064**
43	VIVERO FERREIRÚA, AIDA	***3939**
44	ZAS LATAS, INÉS	***4546**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A:

Titular: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Clara Blanco Lozano, psicóloga no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Rego Blanco, psicóloga no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.

Titular: Dona Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

Titular: Don Benedicto Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

ASESORA:

Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal, para que comparezan o martes **día 24 de febreiro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o xoves **día 5 de marzo de 2026, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2., ao obxecto de realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 3 de febreiro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0256

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2026 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SETE (7) PRAZAS DENOMINADAS ATS/DUE, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023 E 2025.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.09.2025 (BOP núm. 216, do 19.09.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira en sete (7) prazas denominadas ATS/DUE, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A - subgrupo A2, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público dos anos 2023 e 2025.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 07.11.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ABELAIRA CABO, SANDRA	***5465**
2	ÁLVAREZ ARIAS, MARÍA CARMEN	***4507**
3	BARRIO PRADO, MARÍA BELÉN	***3373**
4	CABANAS ÁLVAREZ, ÁNGELA	***4423**
5	CASTRO QUIROGA, ALEJANDRO	***6414**
6	CORDERO FERREIRO, ROBERTO	***5149**
7	DIAZ VILLAVERDE, ELOY	***4783**
8	GORGOSO FERNÁNDEZ, MARÍA	***5206**
9	PENA SOMOZA, IGNACIO	***8345**
10	SOLLOSO FERNÁNDEZ, AVELINA	***3871**
11	ULLOA MÉNDEZ, MARTA	***7237**
12	VÁZQUEZ NÚÑEZ, MARÍA VANESA	***4678**
13	VÉLEZ VÉLEZ, SONIA	***3811**
14	VILA CABANA, LUCÍA	***3865**
15	ZAS LATAS, INÉS	***4546**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dona María José Ferreiro López, ATS na Sección Saúde, Seguridade e Prevención da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en traballo social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Vanesa Mariño Arias, traballadora social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Don Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A.-

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.-

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Olalla Vilela Carballo, administrativa no Servizo de RRHH e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o martes **día 24 de febreiro de 2026, ás 10 horas**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o martes **día 3 de marzo de 2026, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en **Canella da Deputación, núm.2.**, ao obxecto de realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 3 de febreiro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0257

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2026, aprobaronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 6º bimestre de 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 20 xaneiro de 2026 e o 20 de marzo de 2026.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 16 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0232

LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local núm. 4/7 adoptado na sesión celebrada o 21.01.2026, da ampliación do prazo de xustificación das subvencións adxudicadas dentro da convocatoria de subvencións para desprazamento de taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida. (exercicio económico 2025).

A continuación insírese o contido da parte resolutiva do referido acordo nº 4/7 da Xunta de Goberno Local do 21.01.2026:

PRIMEIRO.- Acordar a ampliación do prazo de xustificación das subvencións adxudicadas en réxime de concorrência competitiva para o desprazamento de taxi adaptado (convocatoria ano 2025), establecendo como data límite de xustificación o **28.02.2026**.

Notifíquesele o presente acordo ás persoas interesadas indicando que contra o mesmo non cabe a interposición de recurso ningún.

Lugo, 28 de xaneiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.ª Olga López Racamonde.

R. 0233

OUTEIRO DE REI

Anuncio

AXUDAS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓNS DE ANIMAIS ABANDONADOS EN GARATUXA

Aínda que cada vez a sociedade ten unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dos animais de compañía, o seu abandono segue a ser uns dos problemas de máis difícil solución co que se teñen que enfrontar os Concellos galegos.

Aos problemas ambientais xerados como consecuencia da conducta absolutamente irresponsable daqueles que abandonan os animais de compañía, engádense a enorme e insostible repercusión financeira que tal conducta implica para as facendas locais.

En efecto, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de benestar dos animais de compañía de Galicia atribúe aos Concellos a obriga de sosteñer con fondos públicos e de xeito ilimitado non soamente a recollida, senón tamén o sostemento dos animais abandonados durante toda a súa vida ata a morte natural, xa que prohíbe a eutanasia animal salvo para supostos taxados.

Isto conleva un gasto público inasumible, ao tempo que unha incidencia ambiental igualmente preocupante, xa que a meirande parte de estos animais son carnívoros, polo que para o seu mantemento é necesario sacrificar ao longo da súa vida un sinnúmero de outros animais que para o ordeamento xurídico non son tan dignos de protección pola única circunstancia cultural de que o ser humano non os considera de “compañía”.

Por tal motivo, a única solución para mitigar a situación creada é o fomento da adopción, de xeito que aquelas persoas que queiran convivir cun can non acudan ao mercado para facerse con él, senón que acollan a aqueles albergados nos servizos municipais. De este xeito mellórase sustancialmente o benestar dos animais abandonados, ao tempo que se descarga á facenda local.

Coa finalidade de implantar esta medida, APROBÁRONSE en data 23 de xaneiro de 2026 as seguintes axudas:

PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS

Base 1. Liñas xerais e dotación orzamentaria

O Concello de Outeiro de Rei convoca unha liña de axudas para todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que desexen adoptar algún dos cans abandonados recollidos e custodiados polo Concello de Outeiro de Rei na Residencia canina Garatuxa durante o ano 2026.

O importe da axuda será de 100 euros por cada can adoptado.

A tal fin, autorízase crédito por importe de 1500 euros, que poderá ser ampliado até 3000 euros no suposto de que sexa insuficiente para atender á totalidade das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos regulados nas presentes bases.

Base 2. Réxime xurídico

A relación xurdida da presente acción de fomento regúlase na seguinte normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Base 3. Obxecto

3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables

Serán obxecto desta convocatoria os gastos ocasionados con motivo da adopción de un can custodiado polo Concello de Outeiro de Rei na residencia canina Garatuxa.

Os cans adoptados atópanse en perfectas condicións sanitarias, correctamente desparasitados e vaciados. Asemade, constan co microchip correspondente.

Os beneficiarios asumen o compromiso de non abandonar o can e de mantelo en boas condicións de benestar animal, suministrándolle unha alimentación correcta e dispensándolle os coidados axeitados.

3.2. Determinación do importe da subvención

O importe da subvención será de 100 euros por cada can adoptado.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A concorrencia ao presente programa será compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

Base 5. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa calquer persoa física ou xurídica que non se atope inhabilitado para a tenza de animais de compañía ou que non haxa sido sancionado pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de benestar animal.

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

6.1. Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, co Concello de Outeiro de Rei e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.2. Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da LXS.

6.3. Non estaren inhabilitados para a tenza de animais e non haberen sido sancionados pola comisión de infraccións graves ou moi graves en materia de benestar animal.

6.4. Someterse aos procedementos de control que poidan realizar a Intervención; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Base 7. Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes:

As solicitudes axustaranse ao formulario previsto no ANEXO I da convocatoria e presentaranse no rexistro do Concello de Outeiro de Rei.

Os prazos de presentación de solicitudes rematará o día 31 de decembro de 2026.

7.2. Documentación das solicitudes:

A documentación da solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

Documento Nacional de Identidade do solicitante.

Certificación dos datos bancarios da entidade, mediante documento expedido e sellado pola entidade financeira correspondente.

Documento acreditativo da adopción do can.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Base 8. Resolución

8.1. Valoración das solicitudes:

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase en función dos seguintes criterios:

- Serán admitidas tódalas solicitudes que reúnan os requisitos indicados anteriormente.

8.2. Concesión

A concesión da subvención efectuarse por prioridade na presentación das solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario ou, de ser o caso, da súa ampliación.

A concesión o ingreso se efectuará ao longo do mes seguinte ao da presentación da solicitude.

A concesión da subvención será obxecto de notificación.

Base 9. Xustificación e pagamentos

Coa finalidade de minorar as cargas administrativas non será necesario xustificar a subvención e presumirase que o importe concedido adicarase á alimentación do animal así coma á dispensación dos coidados veterinarios necesarios.

Tal presunción esixirá que o beneficiario manteña o can en adopción, polo menos durante catro meses e que durante dito período de tempo non cometa ningunha infracción administrativa en materia de benestar animal.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Base 10. Incumprimentos e reíntegro da subvención

O procedemento sancionador está regulado na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

O abandono do animal ou a súa tenza en deficientes condicións sanitarias nos catro anos posteriores á concesión da subvención implicará o incumprimento do fin da subvención e o reíntegro da contía concedida.

Asemade, o coñecemento sobrevido polo Concello de Outeiro de Rei da existencia de circunstancias incompatibles co outorgamento da subvención, determinará o nacemento da obriga de reíntegro.

Base 11. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Outeiro de Rei coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Outeiro de Rei <https://outeiroderei.sedelectronica.gal> ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o Concello pon ao seu dispoñible un modelo de solicitude no apartado “Administración Xeral” – “Protección de datos”.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria da subvención en réxime de concurrencia competitiva, ordenando a súa publicación no BOP de Lugo e máis no taboleiro de edictos municipal.

ANEXO**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS**

Don/Dona _____ con DNI nº _____;
domicilio a efecto de notificacións en _____
_____ ; e teléfono: _____

Á vista das bases de subvención para fomentar a adopción de animais de compañía abandonados, publicadas no BOP de Lugo, e considerando que reúno os requisitos esixidos na convocatoria **SOLICITO** ao Concello de Outeiro de Rei o outorgamento da subvención para a alimentación e mantemento do seguinte animal abandonado e custodiado polo Concello de Outeiro de Rei:

Especie: _____

Nome: _____

Número de microchip: _____

Asemade DECLARO RESPONSABLEMENTE

- I. Que estou ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia tributaria de Galicia e co Concello de Outeiro de Rei, así como das súas obrigas coa Seguridade Social.
- II. Que non estou incurso en ningunha prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora de subvencións.
- III. Que en relación con outras xudas ou ingresos públicos ou privados, procedentes de calquera administración pública ou entidade privada:

NON solicitou outras axudas para a mesma finalidade

Sí solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Administración ou entidade á que solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS NA AEAT

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, AUTORIZO EXPRESAMENTE AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, a comprobar e solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias que obren na mesma respecto á entidade representada.

A presente autorización é única e exclusivamente para os trámites relacionados coa tramitación da subvención solicitada.

En Outeiro de Rei, a de de 2026

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Outeiro de Rei, 28 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0234

RIBADEO

Anuncio

Modificación orzamentaria 03/2026 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DISTINTA ÁREA DE GASTO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 27/01/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 03/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA DE CREDITO SUBIDA SALARIAL 2,5%, por importe de 102.375,81 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 2 de febreiro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0245

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 2º SEMESTRE DE 2025.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **2º semestre** do exercicio **2025** foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 28.01.2026**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **10 DE FEBREIRO AO 10 ABRIL DE 2026**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 28 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0235

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía núm. 2026-0049 de data 19 de xaneiro de 2026, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado, ximnasia de mantemento, pilates e aerobic e xovesperta) correspondentes a mensualidade de xaneiro de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 27 de xaneiro de 2026 ata 26 de marzo de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 19 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0236

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de FOLGOSO DO COUREL (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculcado nin procesado.**

V.- **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. **-Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2026.- O secretrario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0237
